

PROGRAMA 2017 - 2018 DIRIXIDO A ESO

PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES PARA A PREVENCIÓN DO CONSUMO DE ALCOHOL E OUTROS TRASTORNOS ADICTIVOS E COMPORTAMENTAIS NO EIDO ESCOLAR A TRAVÉS DOS MEDIOS AUDIOVISUAIS E AS TIC



Programa

Cinensino



MUSTANG



EL PROFESOR DE VIOLÍN



GOODBYE BERLIN

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA CINENSINO DIRIXIDO A ESO PARA O CURSO 2017-2018



Certificado de Calidade do Observatorio Europeo de drogadependencias e Toxicomanías (OEDT)

cinensino.com



CINENSINO

CREADO POR:



COLABORAN:

Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Fundación CAMIÑA SOCIAL



INDICE

1. PRESENTACIÓN

- 1.1 O eido escolar
- 1.2 Destinatarios
- 1.3 Obxectivos
- 1.4 Perspectiva de xénero

2. ESTRUTURA DO PROGRAMA

- 2.1 Estrutura dos contidos
- 2.2 Materiais didácticos
 - 2.2.1 Manual do profesorado
 - 2.2.2 Caderno do alumno
- 2.3 Medios audiovisuais.
 - O cinema como ferramenta preventiva
- 2.4 Tecnoloxía da información e as comunicación (TIC)
 - 2.4.1 Inserición electrónica vía internet
 - 2.4.2 Actividades nas redes sociais
 - 2.4.3 Curso de formación do profesorado online

3. PLANIFICACIÓN, TEMPORALIZACIÓN, FORMATO E PROGRAMACIÓN

- 3.1 Planificación
- 3.2 Temporalización
- 3.3 Formato audiovisual
- 3.4 Programación para o curso 2017-2018

4. METODOLOXÍA E NORMAS DE APLICACIÓN



1. PRESENTACIÓN

O programa de Educación en Valores para a prevención do consumo de alcohol e outros trastornos adictivos e comportamentais no eido escolar a través dos medios audiovisuais e as TIC “CINENSINO” englobase dentro do contexto de Educación para a Saúde e pretende ser un instrumento complementario nesta área e dentro do actual sistema educativo. Para iso, o programa debe ser asumido polo centro educativo ao que se lle facilita asesoramento, medios e formación imprescindible para que sexa impartido polo propio profesorado.

CINENSINO xurde da necesidade de estruturar un programa de accións preventivas no eido escolar seguindo os criterios do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, da Estratexia Nacional sobre Drogas (PND) e do Observatorio Europeo de Drogodependencias e Toxicomanías (OEDT). Para isto, debe cumprir os seguintes requisitos:

- Base teórica contrastada
- Evidencia empírica
- Formación específica dos axentes educativos
- Metodoloxía interactiva
- Rigor metodolóxico na planificación, implementación e avaliación do programa
- Eficacia contrastada

A estrutura do programa consta dun curso de formación para o profesorado en internet, a proxección de tres películas en formato DVD, tres módulos principais ou unidades didácticas para traballar cos/as alumnos/as nas aulas ao longo do curso escolar e o desenvolvemento de actividades complementarias nas redes sociais, segundo os seguintes obxectivos xerais:

- Reducir a prevalencia e intensidade no consumo de alcohol en menores e adolescentes.
- Racionalizar o uso das TIC previndo as adicións sociais e condutas relacionadas
- Retrasar ou impedir o inicio de condutas adictivas no eido escolar.

1.1. O EIDO ESCOLAR

O eido escolar posúe un interese especial para a posta en marcha de accións de carácter preventivo e constitúe un contexto privilexiado para impartir programas estruturados ao longo do tempo. Algunhas das vantaxes que ofrecen os centros educativos para traballar nesa tarefa son:

- a) A institución educativa acolle durante uns anos á práctica totalidade da poboación xove e adolescente, é este sector da poboación o considerado como de maior risco en canto ao inicio de comportamentos adictivos.
- b) O eido escolar é a principal instancia socializadora, xunto coa familia, o que lle permite integrar a acción preventiva de xeito natural na función educativa xeral.
- c) Estas institucións son, ademais, un micromundo social polo que a súa normativa e funcionamento é xeralizable a outros contextos.



- d) O eido escolar permite a continuidade na implementación e seguimento de programas o longo do tempo.
- e) Posibilita desenvolver e/ou cambiar actitudes e hábitos nos adolescentes.
- f) Por razóns de idade, esta poboación é bastante homoxénea e especialmente educable, de maneira que se poden impartir coñecementos, adquirir actitudes e establecer certos hábitos de xeito gradual e persistente.
- g) A escola pode detectar problemas temperáns e orientar cara a alternativas máis adaptativas e enriquecedoras, contando coa participación dunha serie de mediadores sociais moi amplo: profesores/as, alumnos/as, psicólogos/as, familia; así como outros axentes sociais que actúan en conexión co contorno escolar.

1.2. DESTINATARIOS

Alumnado

O programa “CINENSINO” englobase dentro do tipo de prevención denominada universal e vai dirixido a poboación escolarizada do 1º ciclo da ESO con idades comprendidas entre os 12 e 14 anos.

Orienta-lo noso programa cara a este grupo de idade débese a que somos conscientes de que a nosa estratexia de prevención, partindo dos modelos teóricos que a sustentan, se amosará máis efectiva se incidimos no problema antes de que se produza, axudando aos destinatarios a consolidar actitudes e formar construcións como estratexias incompatibles coas condutas adictivas.

O programa vai dirixido ao alumnado como actor e receptor propostas preventivas debido a:

- Nestas idades son máis receptivos as actuacións preventivas
- Comeza un maior contacto coas novas tecnoloxías
- Aumenta a influencia do grupo de iguais
- É o período crítico na formación de crenzas e actitudes.
- Nesta etapa aumenta a curiosidade e a autoexperimentación.
- Este intervalo da poboación escolar representa a idade de maior risco para inicio de condutas esporádicas de abuso que poden establecer pautas de comportamento que xeneren trastornos adictivos.

As características dos/das destinatarios/as do programa determinan, á súa vez, as principais condutas adictivas a previr no seu ámbito. Os obxectivos aos que lles imos dedicar máis atención son aqueles que forman parte da triloxía formada polo consumo de alcohol, o abuso das TIC e os trastornos adictivos en xeral.

Incidir sobre esa triloxía é de interese de cara á prevención, xa que como se vén confirmando en varios estudos científicos, existe unha estreita relación entre o abuso de drogas legais e ilegais coas adicións sen sustancia e viceversa, existindo unha intrínseca relación entre elas de maneira que parece que o abuso de calquera delas chega a determinar en boa medida condutas de abuso e adicción nas outras.



Profesorado

Ningún programa de prevención dirixido ó eido escolar, por ben deseñado que estea tanto a nivel teórico coma práctico, será efectivo sen a participación activa do profesorado, auténtico executor e catalizador do programa. A análise minuciosa doutro tipo de programas aplicados con anterioridade demóstranos que o nivel de implicación do profesorado é determinante na eficacia do programa. Isto é debido a varias razóns, a saber:

- O seu coñecemento de primeira man do/da alumno/a e do seu nivel de desenvolvemento.
- A súa maior dispoñibilidade e facilidade de acceso ao alumnado.
- O feito de ser experto en tecnoloxía educativa e provedor de ferramentas pedagóxicas ao alumnado.
- A súa capacidade de ser promotor de valores.

Desde “Cinensino” poñemos a disposición do profesorado unha serie de recursos que entendemos facilitan ó docente o seu labor:

- Un curso de formación do profesorado online. Este curso pretende ofrecer aos docentes que imparten o programa unha serie de coñecementos básicos sobre adicións e drogodependencias, de maneira que poidan desenvolverse con soltura no tratamento desta problemática e servir como punto de referencia, sólido e fiable, ante as expectativas que poidan xurdir desde o alumnado. Os contidos do curso son seleccionados e desenvolvidos desde a perspectiva do alumnado de maneira que poidan responder ás súas necesidades e inquiredanzas, tanto formativas como informativas.
- A selección dos obxectivos xerais, específicos e módulos a tratar para cada unha das unidades didácticas. Dita selección ten en conta as características dos escolares intentando axustarse na medida do posible ás causas desencadeantes do inicio das condutas adictivas. Deste xeito inténtase facilita-lo labor do profesorado proporcionándolle un guión do que vai se-la súa actividade ó longo do programa.
- Un manual do profesorado debidamente estruturado para cada unidade didáctica. Dito manual se lle entrega ao docente ó remata-la proxección de cada unha das tres películas de que consta o programa e ven estruturado en diferentes bloques de actividades. Cada un destes bloques contén a explicación da actividade a desenvolver, os obxectivos a conseguir e as orientacións de aplicación de maneira que facilite o labor do/a profesor/a no asesoramento e seguimento dos contidos do caderno do alumnado.
- Un medio de comunicación como é o audiovisual. O feito de utiliza-lo cinema como ferramenta pedagóxica débese, por un lado, á necesidade de xera-la participación do alumnado proporcionándolle un punto de partida que lle resulte atractivo e familiar, e por outro, a consideración do cinema como un medio privilexiado para lexitimación de comportamentos.



1.3. OBXECTIVOS

Aínda que o fin último que pretende todo programa é o de prever a aparición de problemas relacionados coas condutas de abuso e os trastornos adictivos entre os/as destinatarios/as do mesmo, isto perséguese mediante a secuenciación doutros obxectivos que se estenden dende un ámbito máis xeral a outro máis concreto.

Obxectivos xerais

- Retrasar ou impedir o inicio de condutas adictivas no eido escolar.
- Racionalizar o uso das TIC previndo as adicións sociais e condutas relacionadas.
- Reducir a prevalencia e intensidade no consumo de alcohol en menores e adolescentes
- Contrarrestar a influencia dalgúns factores que poden favorecer a aparición de problemas de abuso e adicción, tales como a falta de información, subxectividade da mesma, crenzas de autoprotección e resistencia ao dano, baixa percepción do risco, etc.
- Fortalecer nos/as alumnos/as algúns recursos persoais, familiares e sociais que lles permitan mane-xarse adecuadamente en situacións de grupo relacionadas coas condutas adictivas.
- Promover o desenvolvemento de actitudes e valores favorecedores da saúde e a ocupación enriquecedora do tempo mediante ocio e deportes.

En definitiva, atrasar ou impedir o inicio de trastornos adictivos na poboación destinataria do programa.

Obxectivos específicos

Minimizar a influencia dos factores de risco e potenciar aqueloutros facilitadores dunha maior protección, tales como:

- Desenvolver entre os/as alumnos/as habilidades persoais e sociais e promover hábitos saudables que contribúan a evitar os trastornos adictivos.
- Retrasar a idade de inicio no consumo das distintas drogas por parte dos menores e adolescentes.
- Incrementar a percepción do risco asociado ao consumo de alcohol entre os xoves e adolescentes.
- Reducir a aceptación social do alcohol, tabaco, cannabis e as drogas psicoestimulantes e aumentar a conciencia social sobre a importancia dos problemas e danos provocados polo consumo de drogas.
- Reducir a prevalencia de bebedores de risco entre os/as adolescentes.
- Reducir a prevalencia de fumadores diarios entre os/as adolescentes e xoves.
- Reducir a prevalencia do uso inadecuado das novas tecnoloxías da información e as comunicacións, propiciando un uso controlado das mesmas. Reducir a prevalencia das adicións sociais e condutas relacionadas.
- Potenciar o papel do profesorado na detección precoz dos consumos de drogas, abuso das TIC e outros comportamentos adictivos realizados polos/as alumnos/as.
- Fomentar entre os xoves o desenvolvemento de actividades de ocio saudables alternativas ao consumo de drogas.



1.4. PERSPECTIVA DE XÉNERO*

A incorporación dende o Programa CINENSINO da perspectiva de xénero á hora de facer prevención, vainos permitir comprender as variables determinantes no inicio das adiccións en rapaces e rapazas, as súas semellanzas e diferenzas. Axudaranos a entender cales son as motivacións comúns e cales son diferentes no inicio e mantemento das adiccións e as consecuencias que para eles/as poden derivarse destas condutas. É necesario ter en conta os seguintes aspectos á hora de elaborar o Programa Cinensino:

Incluír nos seus contidos as diferenzas que as evidencias científicas apuntan en relación coas motivacións e factores asociados as adiccións que se derivan destes.

Incidir sobre os modelos referenciais de xénero, evitando que as adolescentes e rapazas novas imiten sen máis as condutas masculinas, máis proclives á asunción de riscos e a un menor coidado da saúde.

Resaltar unha dobre mensaxe:

Para as rapazas que a igualdade non se basea en imitar os comportamentos dos homes ou en asumir como propio un modelo ou estereotipo masculino, senón en ter autonomía e capacidade para desenvolver proxectos propios.

Para os rapaces, cuestionando a oportunidade de seguir mantendo os vellos estereotipos da masculinidade, reforzando a idea de que ser home non implica ter que asumir riscos ou manter condutas pouco saudables, senón comportarse de xeito intelixente.

Acadar os seguintes obxectivos:

Contrarrestar a manipulación que das identidades de xénero realiza a publicidade, neutralizando as mensaxes que lanza selectivamente a homes e mulleres para reforzar o consumo de bebidas alcohólicas e tabaco.

Incidir na distinta vulnerabilidade aos efectos das adiccións de homes e mulleres como estratexia de control por parte das mulleres.

Abordar os estereotipos que vinculan o uso de certas drogas (tabaco, cocaína, etc.) coa imaxe corporal, o atractivo físico e sexual e supostos efectos adelgazantes.

Abordar o impacto que os consumos de alcohol ou outras drogas teñen sobre a violencia de xénero, co fin de reducir a influencia que o abuso destas sustancias ten como propiciador da violencia sobre a parella.

*Información baseada no Documento Marco: Drogas e Perspectiva de Xénero. Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia.



2. ESTRUCTURA DO PROGRAMA

O programa se estrutura arredor dos tres obxectivos xerais que articulan as 3 unidades didácticas, cadanseu obxectivo desenvolve unha serie de contidos a través dos diferentes ámbitos de intervención. A continuación presentamos o cadro onde se reflicten os ámbitos e contidos básicos a traballar ao longo do programa:

COÑECEMENTO	<ul style="list-style-type: none"> • Efectos fisiolóxicos das adiccións a longo prazo. • Interferencias das adiccións na conduta humana. • Influencia social na xénese dos trastornos adictivos. • Influencia dos medios de comunicación no inicio das conductas adictivas. • Coñecer técnicas e estratexias publicitarias. • Coñecer as prevalencias no consumo de alcohol, uso indebido das TIC e noutros trastornos adictivos. • Facerse unha idea da fragilidade do organismo cara ás adiccións. • Coñecer as crenzas que incrementan o risco das adiccións.
APECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> • Autoestima e sentimentos de valía persoal. • Actitudes e tendencias. • Disonancia cognitiva. Axuste social. • Transgresión de normas. Atracción polo prohibido. • Insight persoal e autoconciencia. • Crenzas de invulnerabilidade. • Atractivo relacionado co risco. • Clarificación e xerarquización de valores.
HABILIDADES De rexcitamento	<ul style="list-style-type: none"> • Habilidades de rexcitamento ao consumo de drogas e comportamentos adictivos. • Actividades de compromiso público e privado (contratos). • Estratexias cognitivo-conductuales. • Grupos de traballo e autoaxuda con iguais abstemios.
HABILIDADES Xenéricas	<ul style="list-style-type: none"> . Habilidades e estratexias de comunicación. . Redución do estrés . Actividades de comportamento asertivo con iguais. . Adestramento en solución de problemas. . Estratexias para toma de decisións. . Habilidades de afrontamento. . Consello para a búsqueda de metas. . Identificación de alternativas ante diferentes situacións de risco.
HABILIDADES De seguridade	<ul style="list-style-type: none"> • Habilidades de autoprotección ante o risco. • Habilidades para protexer a outros iguais ante situacións de risco. • Medidas de autocontrol ante o consumo de alcohol e outras drogas • Medidas de seguridade tras o consumo de alcohol. • Estratexias alternativas no disfrute do tempo de lecer.



2.1. ESTRUTURA DOS CONTIDOS:

Os contidos do programa refírense ós aspectos principais sobre os cales se vai incidir, sobre eles estrutúranse as distintas actividades que van traballa-los/as alumnos/as na aula e internet en cadanseu curso escolar. Aínda que os obxectivos xerais son os mesmos cada curso, os factores de risco/protección a traballar varían todos os anos coa finalidade de debilitar aqueles aspectos ou factores que desencadean condutas adictivas e fortalecer aqueles outros que o dificultan a súa aparición. Ditos contidos presentámoslos en módulos, e son desenvolvidos cada un deles nunha unidade didáctica, de xeito que corresponden tres módulos por curso impartido. A unidade didáctica estrutúrase en función do módulo seleccionado, as tarefas e as actividades que realizaran os/as alumnos/as van estar en función dos contidos do módulo ó que se dedica.

2.2. MATERIAIS DIDÁCTICOS

Como comentamos anteriormente, o programa “CINENSINO” utiliza os medios audiovisuais como soporte e con fins didáctico-preventivos ensinándolles ós/ás alumnos/as actitudes e comportamentos máis saudables. Partindo das experiencias narradas na película, os medios audiovisuais convértese en ferramentas pedagóxicas e eixes dinamizadores dos contidos do programa. Para isto, desenvolvemos tres unidades didácticas para cada curso escolar, que se corresponden con cada unha das tres películas que se van proxectar. Cada unidade didáctica baséase e articúlase en función dunha película, tendo en conta que debe ser de recente aparición, susceptible de tratar algún dos temas que consideramos de interese nesa unidade e que sirva de punto de arranque para o traballo na aula. As unidades didácticas deben de ter un formato atractivo tanto no deseño como a maquetación para facilitar a participación do alumnado, ser de fácil aplicación, ter un carácter secuencial para desenvolver todos e cada un dos aspectos preventivos a traballar, e deber de ter un compoñente lúdico-formativo utilizando linguaxe en clave positiva. Os argumentos a presentar aos adolescentes teñen que ver coa observación e análise de diferentes puntos de vista sobre un mesmo feito ou realidade, con situalos no lugar doutro e percibir as cousas dende esa outra perspectiva, con pensar e razoar suplantando o esquema mental doutra persoa, con desempeñar un determinado rol asignado e, finalmente, con aprender a solucionar problemas partindo dunha visión máis completa e variada dos feitos. Á súa vez, a unidade didáctica componse dun “Manual do profesorado” e un “Caderno do alumnado”.

2.2.1 MANUAL DO PROFESORADO

Estrutúrase como segue, unha primeira parte introdutoria referente á película visionada, a base teórica que sustenta a unidade didáctica así como os obxectivos que se perseguen e as explicacións das actividades que deben realiza-los/as alumnos/as divididas por seccións temáticas e precedidas dunha explicación da actividade, os obxectivos propostos con esa actividade e as orientacións de aplicación. As orientacións pedagóxicas do manual definen estratexias para potenciar a autoestima, resolución de problemas, resistencia á presión, habilidades sociais e as actividades de lecer saudables, promovendo a autoavaliación e a conducta dirixida ao cambio. Para cada sesión aparece unha secuencia de execución na que se indican os pasos a seguir, os contidos informativos que deberá transmitir e os aspectos a destacar durante esa sesión. Por outra parte, o manual é unha proposta de traballo aberta, de xeito que é posible introducir modificacións a ampliacións se o/a profesor/a o considera oportuno.



2.2.2. CADERNO DO ALUMNADO

No “Caderno do alumnado” se presenta información, exercicios e actividades que deben ser realizadas polos/as alumnos/as, nalgúns casos de maneira individual e noutros en pequenos grupos. Algunhas delas precisan explicacións e encadramentos do/a profesor/a, outras se orientan á reflexión de forma lúdica por parte do/a propio/a alumno/a. O obxectivo do caderno é facilitar información de carácter preventivo, formar actitudes e provocar a reflexión favorecendo o sentido crítico fronte a publicidade, promovendo o debate e o traballo en grupos, adestrando en habilidades de vida e mostrando alternativas de lecer e deporte facilitadoras de novas experiencias.

Tanto o caderno do alumnado como o manual do profesorado comezan cun comentario cinematográfico acerca da película visionada no que se analizan os aspectos máis interesantes (trama argumental, actores, director, época histórica, etc.) que introducen ao alumno/a na maxia do cinema e facilitan a extrapolación de situacións que se presentan na película á temática que nos interesa traballar en cada unidade didáctica.

2.3. MEDIOS AUDIOVISUAIS. O CINEMA COMO FERRAMENTA PREVENTIVA

É evidente que o cinema, é unha ferramenta privilexiada para lexitimar comportamentos. O cinema axuda a observar, non só vendo, tamén sentindo, fainos/as críticos/as e abertos a unha linguaxe máis global. Pode ser considerado como un medio de comunicación sen máis, como unha creación artística, como unha fonte de coñecemento, como unha alternativa de ocio e goce... pero tamén vemos nel unha maneira de ensinar ou de aprender actitudes e comportamentos máis saudables. Dende este punto de vista, o cinema é a nosa ferramenta preventiva na aula. A continuación imos mencionar algúns dos aspectos mais reseñables cara a prevención de conductas adictivas do cinema:

- Grande acollida en nenos e nenas novos/as e adolescentes
- Elemento de lecer na xuventude de carácter lúdico
- Percibido como recompensa polo/a alumno/a
- Ferramenta pedagóxica
- Vehículo argumental
- Elemento fundamental nos procesos de socialización
- Transmisor de valores
- Difusor de modelos de referencia
- Manifestación artística, comunicativa e cultural
- Re-presentación simbólica da realidade
- Xera cambios a nivel emocional, cognitivo, actitudinal, conductual e social e actuando como elemento motivador e de atracción
- Permite a análise crítica de valores e contravalores
- Lexitimador de condutas e percepcións da realidade
- Produce efectos de modelado
- Contén elementos formativos
- Subministra un ‘mapa’ cultural para que poidamos interpretar o mundo



Unha das grandes limitacións coas que nos atopamos dende o programa CINENSINO á hora de seleccionar as películas a proxectar para cada curso escolar é a lexislación en materia de calificación de películas por idades. Segundo a lexislación vixente (Resolución do 16 de febreiro de 2010, do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais) non existe prohibición (si recomendación) para ver unha película, agás no caso das cualificadas como “X” que teñen o acceso prohibido aos menores de 18 anos.

As calificacións referidas a outros grupos de idade teñen carácter orientador e informador para pais/nais e educadores/as. Sen embargo, no Convenio da Organización de Nacións Unidas de 20 de novembro de 1989 sobre os dereitos do neno, ratificado por España en novembro de 1990 non se recomenda aos menores de 12 anos o visionado de películas que presenten comportamentos sociais nos que apareza a utilización habitual e os efectos das drogas.

Por outra banda, dende a Consellería de Sanidade, recomendan comezar a prevención específica de drogodependencias a partir do 1º e 2º cursos da E.S.O. Isto supón unha limitación evidente xa que non debemos emitir películas con temática explícita sobre consumo de drogas pero debemos facer prevención nas idades críticas do alumnado. Esta situación resolvémola seleccionando películas cunha temática que sexa susceptible de extrapolar a situacións de posible consumo de drogas e, a través das unidades didácticas, traballamos cos/as alumnos/as as estratexias deseñadas polo programa para a selección das películas é fundamental cara a eficacia do programa. Cada curso escolar debe facerse a programación tendo en conta os seguintes criterios:

- Películas de cinema que non aborden directamente a problemática das drogas e as adiccións. Sería un erro seleccionar películas que traten de temas relacionados explicitamente coas adiccións porque xerarían no/a alumno/a a idea de que o queren alleccionar, “comerlle o coco” e provocarían o seu posterior rexeitamento á participación na aula.
- Estreadas recentemente. A rapidez con que as películas pasan desde a súa estrea no cinema a formato de vídeo comercial (ás veces menos de 4 meses) obríganos a seleccionar películas moi recentes que resulten atractivas e novidosas para os/as alumnos/as.
- Dunha duración non superior a 100 minutos. Hai que ter en conta dous factores determinantes neste sentido. Por un lado, a limitada capacidade de atención dos/as espectadores/as destas idades, unha duración excesiva da película reduciría a capacidade de atención dos/as alumnos/as, dando orixe á desconcentración, perda de interese e posibles situacións de desorde que afectarían a todos/as os/as participantes na proxección e, por outro, o problema loxístico que supón coordinar adecuadamente o tempo utilizado para o desprazamento dos/as alumnos/as (se é o caso) e o visionado da película co horario lectivo de cada centro escolar.
- Calidade da película. Este apartado está directamente relacionado cos dous anteriores debido a que as limitacións por idade, a problemática do tema e a duración máxima da película reducen sensiblemente as posibilidades de selección de películas que se axustarían máis e mellor as obxectivos establecidos polo programa. Non obstante, e a pesar de todas as limitacións coas que nos enfrontamos, dende Cinensino pretendemos que a nosa elección atenda basicamente a tres criterios: CALIDADE, ACTUALIDADE E ATRACTIVO para os alumnos destas idades o que, nalgúns casos, supón seleccionar películas con certa tintura comercial pero non por iso menos efectivos á hora de conseguir o que debe ser o noso obxectivo: a prevención dos trastornos adictivos.



- Cunha finalidade lúdica e didáctica. O/a alumno/a debe de divertirse e pasar un bo rato cando vixione a película. Se pasou un bo rato se sentirá agradecido/a e contento/a e por tanto, disposto/a a colaborar. Con todo isto pretendemos xera-la suficiente motivación do alumnado que nos permita inicia-la aplicación do programa con certas garantías en canto á súa predisposición ó traballo na aula.

2.4. TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS (TIC)

Dende o programa Cinensino estamos convencidos de que a prevención escolar non pode manterse como un recurso didáctico convencional, é de necesidade que incorpore de xeito progresivo as súas propostas aos cambios cualitativos que se están producindo nesta era de dixitalización. A inclusión das TIC como medio de promoción da saúde e prevención dos trastornos aditivos e comportamentais debe acompañar aos materiais en soporte impreso e audiovisual. A utilización dos novos medios tecnolóxicos vannos permitir interactuar con todos os ámbitos relacionados co eido educativo (profesores/as, alumnos/as, grupo de iguais, familia, comunidade) no proceso de influír positivamente no desenvolvemento de estilos de vida saudables. Dende facilitar a incorporación dos centros escolares ao programa a través de inscricións vía internet, a implementar actividades nas redes sociais e comunidades virtuais que cumprimenten o traballo dos/as alumnos/as coas unidades didácticas, dende a utilización de internet e telefonía móbil para achegar información acerca dos trastornos aditivos ao alumnado ata ofertar ámbitos de comunicación comúns, titorías e cursos de formación ao profesorado e demais axentes preventivos a través de plataformas de teleformación.

2.4.1. INSCRICIÓN ELECTRÓNICA VÍA INTERNET

De cara a conseguir un proceso máis sinxelo e eficiente na inscrición dos centros escolares participantes, dende a web do programa, a persoa responsable da inscrición do centro escolar, pode inscribir ao seu centro sen necesidade papeleos ou chamadas telefónicas nun horario establecido. Do mesmo xeito pódense facer as inscricións no curso de formación do profesorado impartido a través de internet.

2.4.2. ACTIVIDADES NAS REDES SOCIAIS

A eclosión das redes sociais e o seu uso masivo entre adolescentes e mozos/as converteuse nun excelente vehículo para difundir información. Esta pode ser compartida por miles e miles de mozos/as e transmitida a unha velocidade insólita. Dende Cinensino decatámonos do poder destas canles de comunicación social e decidimos usalos para transmitir accións preventivas sobre o consumo de drogas coa finalidade acadar un público máis amplo, tal e como se recolle no marco da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016. Conscientes da importancia de Internet como ferramenta para facer chegar propostas preventivas aos mozos/as é necesario comezar a empregar as redes sociais para difundir formación, información e estratexias de intervención, sobre todo as mensaxes relacionadas coa prevención do consumo de alcohol e outros trastornos aditivos e comportamentais. O emprego das novas tecnoloxías para prevención dende o ámbito escolar é unha “prioridade” dentro da estrutura do noso programa xa que nos permitirá coñecer o impacto das propostas do noso programa na poboación destinataria de xeito verificable e inmediato.



2.4.3. CURSO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO ONLINE

O uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións, a través da internet, fai posible non só o acceso ás páxinas web, que nos serven de medios de traballo senón a unha inmensa fonte de información coa que tamén podemos ampliar diversos aspectos dos contidos e materiais do curso.

Este curso pretende ofrecer aos profesores/as que imparten o programa unha serie de coñecementos básicos sobre adiccións e drogodependencias, de maneira que poidan desenvolverse con soltura no tratamento desta problemática e servir como punto de referencia, sólido e fiable, ante as expectativas que poidan xurdir desde o alumnado. Os contidos do curso son seleccionados e desenvolvidos desde a perspectiva do alumnado de xeito que poidan responder ás súas necesidades e inquiredanzas, tanto formativas como informativas.

DESTINATARIOS:

Profesores/as dos centros escolares participantes no programa de Educación en Valores para a Prevención do consumo de alcohol e outros trastornos adictivos e comportamentais no eido escolar a través dos medios audiovisuais e as TIC “CINENSINO”.

CONTIDOS:

Contidos teóricos: (20 horas)

O temario do curso teórico se presenta a través dunha plataforma de teleformación (PTF) con fácil acceso xa que só precisa a conexión a internet e acceder á dirección web www.cinensino.com. Este temario está estruturado en 3 módulos. O módulo 1, titulado “coñecer para educar” céntrase en aspectos introductorios xenéricos sobre o tema das adiccións, así como no papel da información e do/a profesor/a no ámbito da prevención. O módulo 2 “da causa á prevención” recolle os principais factores que poden estar incidindo no inicio dos trastornos adictivos, abordados desde os diferentes ámbitos polos que transcurre a vida dos/as adolescentes. No seu conxunto tratan de dar luz á cuestión de como e porqué se inician e manteñen os trastornos adictivos. No módulo 3, titulado “da situación á intervención” preséntanse as tendencias actuais en canto a trastornos adictivos e comportamentais se refire, así como as etapas de iniciación e cuestións puntuais que adoitan xurdir ó tratar estes temas con mozos/as e adolescentes.

Contidos prácticos: (12 horas):

Cumprímantase coa aplicación na aula de cada unha das tres unidades didácticas de que consta o programa. O tempo de aplicación requerido para cada unidade didáctica é 4 horas como mínimo (ampliable se o/a profesor/a o considera pertinente).

PRAZAS E CRITERIOS DE ADMISIÓN:

O número de prazas corresponderase co número de profesores/as inscritos/as no programa e non poderá exceder de dous profesores/as por aula de cada centro escolar inscrito.



INSCRICIÓN:

A inscrición é gratuíta e pódese facer na web www.cinensino.com ou entregando a folla de inscrición debidamente cuberta e enviála via email, fax ou correo postal, a:

Programa CINENSINO
C/Méndez Núñez, nº 2. 2º Andar
36600. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Tfno: 886 – 164.774
Fax: 986 – 59.01.85
Correo electrónico: info@cinensino.com
Web: www.cinensino.com

Unha vez inscrito cada profesor/a recibirá un “identificador” e unha “clave” para poder acceder ao Programa de Teleformación (xa que é de acceso restrinxido).

DATAS:

- **Calendario teórico:**

A Plataforma de Teleformación estará dispoñible (on-line) dende o 15 de outubro de 2017 ata o 31 de maio de 2018.

- **Calendario práctico:**

A desenvolver por cada profesor/a na aula despois de visionar a película correspondente.

3. PLANIFICACIÓN, TEMPORALIZACIÓN, FORMATO E PROGRAMACIÓN:

3.1. PLANIFICACIÓN:

A planificación do programa “CINENSINO” ven determinada polo seu carácter modular-temporal que obriga a secuenciar os obxectivos e implementar novos contidos e actividades dentro dun continuo estratéxico de intervención ao longo dun cuatrienio. Así pois, en total seleccionanse 12 factores de risco/protección e 12 módulos que constitúen a base do programa “CINENSINO” e que se abordarán a un ritmo de 3 por curso escolar durante 4 anos e renovados unha vez rematado o cuatrienio,

segundo indiquen os resultados obtidos nas intervencións preventivas. Á hora de planificar o programa é necesario ter en conta os seguintes aspectos:

O programa ten que resultar atractivo ao destinatario: o/a alumno/a debe de sentir atracción polos contidos e actividades do programa.

Sinxelo e ameno para o axente preventivo: o/a profesor/a debe estar involucrado/a do mesmo xeito que os/as alumnos/as.



Novidoso en cada curso: tanto os contidos coma o deseño deben cambiar todos os anos para evitar o efecto de saciación tanto no/a alumno/a como, principalmente, no/a profesor/a.

A participación no programa debe de ser voluntaria. Ningún programa se mostra efectivo si é obrigatorio.

Adaptable ao horario escolar: é fundamental que se faga en horario escolar. O/a alumno/a debe percibir o programa como parte da súa formación.

Debe acadar obxectivos cuantificables e avaliábeis: é necesaria unha avaliación de satisfacción tanto do/a alumno/a coma do/a profesor/a. Así mesmo a avaliación de proceso deberá recoller as indicacións e suxestións do/a alumno/a, o/a profesor/a e o técnico responsable para readaptar anualmente os obxectivos e actividades a desenvolver.

Debe contemplar a posibilidade dun seguemento lonxitudinal dos grupos participantes ao longo do cuadrinio.

Relación custo-eficacia asumible. Os resultados esperados deben correlacionar co custo investido. Diversos estudos publicados no NIDA (National Institute on Drug Abuse) de EEUU mostran que por cada dólar que se gasta na prevención se aforran entre 4 e 5 \$ en custos de tratamento.

3.2. TEMPORALIZACIÓN:

A temporalización das unidades didácticas e proxeccións cinematográficas é ampla, unha por cada trimestre do curso escolar. Esta secuencia facilita un traballo tranquilo e profundo das unidades didácticas de cada película; ó mesmo tempo témo-los/as alumnos/as implicados/as na temática da prevención ata cerca do final do curso, o cal cremos é preferible e vantaxoso fronte a outras alternativas preventivas demasiado curtas e moi intensivas, pero que se dilúen no recordo dos/as escolares coa mesma intensidade e a medida que avanza o curso escolar. Así pois, a temporalización do programa “CINENSINO” concrétase no cadro que segue:

Período de implantación	1 Curso escolar a través de 3 trimestres
Por trimestre	1 Unidade Didáctica por módulo
Por Unidade Didáctica	1 Proxección + 4 horas lectivas de clase
Por hora lectiva	2 a 4 actividades de 15 a 30 minutos

3.3. FORMATO AUDIOVISUAL:

O programa Cinensino utiliza neste caso o formato de DVD, destinado a proxeccións en Cines, Auditorios, Casas de Cultura, etc. Cada unha das 3 proxeccións de que consta o programa terán carácter trimestral e realizaranse cos medios propios do concello participante.

3.4 PROGRAMACIÓN PROVISIONAL PARA O CURSO 2017-2018*



MUSTANG

88 min

Deniz Gamze Ergüven, Francia-Turquía, estreada en España en 2015

Tras un inocente xogo na praia xunto aos seus compañeiros de clase ao comezo do verán, a vida de cinco xoves irmás orfás dun pequeno pobo turco cambia radicalmente. Desgustados pola suposta inmoralidade no comportamento das mozas, a súa avoa e o seu tío deciden tomar medidas que garantan a virxindade e pureza das cinco irmás, así como precipitalas cara ao seu destino de futuras esposas.



EL PROFESOR DE VIOLÍN

90 min

Sérgio Machado, Brasil, estreada en España en 2017.

Laertes, un violinista de gran talento, dá clases de música a adolescentes dunha escola pública en Heliópolis, un barrio dunha zona deprimida de São Paulo, tras ser rexeitado na prestixiosa Orquestra Sinfónica do Estado. Inspirada na verdadeira historia da orquestra creada polo mestre brasileiro Silvio Bacarelli nos anos 90, que conseguiu estimular a inclusión social e cultural dos mozos na favela máis grande de São Paulo, máis coñecida como Heliópolis.



GOODBYE BERLIN

93 min

Fatih Akin, Alemania, estreada en España en 2017

Maik, un mozo de 14 anos marxinado pola súa clase, crece no seo dunha familia rica e disfuncional en Berlín. Durante as vacacións estivais, a súa alcohólica nai ingresa en rehabilitación mentres o seu pai auséntase coa súa moza axudante por unha presunta viaxe de negocios. Maik está só en casa, na súa piscina, ata que un novo compañeiro de clase chamado Tschick, mozo inmigrante ruso, aparece cun coche roubado. Xuntos lánzanse á estrada sen plan aparente.

** O Programa Cinensino, resérvase o dereito de alterar a programación cando causas alleas á organización así o aconsellen.*



4. METODOLOXÍA E NORMAS DE APLICACIÓN:

O programa “CINENSINO” implántase de forma grupal, constituíndo a unidade de acción os/as alumnos/as dunha clase ou grupo (20-24 individuos) xunto co/a seu/súa profesor/a. É facultade dos propios centros educativos decidi-los cursos que van participar no programa, permanecendo implicados no mesmo ó longo de todo o curso escolar. Se un centro ten varios grupos debe decidi-los que van participar, non podendo rotar con outros grupos, de sorte que sexan sempre os/as mesmos/as alumnos/as os que reciban a totalidade do programa dese ano. Os centros escolares participantes deberán cumprir una serie de normas para a correcta aplicación do programa, que son as que seguen:

1. Os alumnos/as do centro escolar participante deberán acudir ao lugar onde se levarán a cabo as proxeccións acompañados/as polo/a docente encargado/a da aplicación das unidades didácticas na aula.
2. Deberán chegar á sala con tempo de antelación suficiente (15 MIN.) para acomodarse e evitar retrasos no comezo das proxeccións, así como esperar na porta a que os/as chame a organización do programa, co fin de realizar unha entrada ordenada.
3. Durante a proxección da película, os/as profesores/as responsables da actividade supervisarán o comportamento dos/as alumnos/as, para evitar que se produzan situacións de desorde, faltas de respecto aos compañeiros/as ou actitudes que prexudiquen dalgunha maneira a calidade da visión. Tamén procurarán que os/as alumnos/as non coman larpeiradas, co fin de respectar a limpeza da sala e as molestias que ocasiona esta actividade.
4. É imprescindible a asistencia á totalidade das proxeccións por parte dos/as alumnos/as así como do profesorado que participa no programa.
5. Dado o carácter secuencial do programa, é necesaria a asistencia do mesmo grupo de alumnos/as co mesmo docente a cada unha das proxeccións.
6. A cada docente faráselle entrega dun manual do profesorado e dun caderno do alumnado para a correcta aplicación do material. Aos alumnos/as entregaráselles o caderno de alumnado para traballalo na aula.
7. É necesario que a utilización dos materiais se faga de xeito inmediato despois de ver a película xa que disto depende parte do éxito na aplicación do programa.
8. Os/as docentes que estean inscritos no Curso de Formación do Profesorado traballarán cada unha das unidades polo menos durante catro horas co fin de cubrir as horas de práctica necesarias para completar este curso.
9. O material didáctico seralle entregado a cada centro escolar coa suficiente antelación antes de cada unha das proxeccións e serán recollidas as devanditas unidades didácticas, debidamente cubertas, polos responsables do programa na proxección seguinte.